



# Altermundo

abaixo e á esquerda  
está o **corazón**

TEMPOS NOVOS | TERCEIRA QUENDA | NÚMERO 01 | MAIO 2012

PÁX 02. EIVAS



## Demasiado á dereita

Os grupos de extrema dereita en Europa non paran de medrar. **Xabier Ron** advirte do perigo de ficarmos calados.

PÁX 04. ALTERNATIVAS



## É a economía, paspán!

**Raúl Asegurado** repasa a evolución do concepto de 'economía solidaria' e o seu desenvolvemento na Galiza.

PÁX 14. O REMATE



## Río+20, polo planeta

A sociedade civil mundial mobilizarase en paralelo ao Cumio de Desenvolvemento Sustentábel da ONU en Río.

As insurreccións populares dos países árabes ou da Iberia non mudaron o mundo aínda, mais nada volverá ser coma antes

# O ano das cen primaveras

ÁLVARO HERRAIZ



O 15 de maio de 2011 nacia no Estado español un movemento que, por primeira vez, era quen de poñer nas mentes da opinión pública mil e unha dúbidas sobre a nosa suposta democracia. Porén, a rebelión, que co tempo foi adquirindo un claro carácter assembleario, autoxestionario e mesmo anticapitalista, xa tivera a súa expresión meses antes, en movementos como o da *Geração À Rasca*, en Portugal e, sobre

todo, nos levantamentos cidadás dos países árabes que, como fichas de dominó, foron enfrontándose aos seus déspotas e case eternos gobernantes, as máis das veces amigos de Occidente.

O profesor da Universitat de Girona, **Raimundo Viejo**, analiza a situación e o futuro do movemento 15-M, mentres que **Roberto Mansilla**, do IGADI, dá conta das perspectivas políticas derivadas da *Primavera* árabe.



> CARA A ONDE IMOS?  
.....

# Directo cara ás rochas ou salvamos o barco?



**Xabier Ron**  
Filólogo e mestre de lingua francesa. Membro do Foro Galego de Inmigración

En termos xerais, a extrema dereita de Europa agocha a súa faciana detrás de conceptos coma “liberdade”, “nacional”, “democracia” ou “pobo”

eivas **T**

LEIGH PHILLIPS



Paramilitares da Garda Maxiar nunha marcha do Jobbik contra o “terror xitano” en Hejosalonta (Hungria)

**3** O perigo da extrema dereita repousa en dúas circunstancias, que poden ir vencelladas en función dos países:

a) Nos últimos procesos electorais nacionais e nas Europeas do 2009 experimentou un significativo medre. A extrema dereita está no parlamento nacional de 13 países. Nas Europeas de xuño 2009 acadaron votos de dous díxitos en 7 Estados membros (Holanda, Bélxica, Dinamarca, Hungría, Austria, Bulgaria e Italia), e entre un 5 e un 10% noutros 6 (Finlandia, Romenia, Grecia, Francia, Reino Unido e Eslovaquia). Todo nun contexto de desafección, manifesto nas elevadas porcentaxes de abstenición. En Hungría o *Jobbik* acadou nas lexislativas de 2010, un 16,67% para 47 deputados; en Finlandia, nas últimas le-

**0** A democracia, un barco no medio dun océano salvaxe e encrespado, o treboento ultraliberalismo. E diríxeno de forma organizada cara ás rochas. Sabendo que hai opcións nihilistas, queremos impedir que o barco siga ese rumbo, cómpre reparar as fugas e redireccionar a nave á espera de que sexamos quen de navegar nas augas doutro modelo produtivo. Nese impedir está o noso futuro. O problema: liberar o barco do peso que o escora cara á dereita máis extrema.

**1** Palabra secuestrada, pensamento dominado. As palabras, manipuladas, non son o que significan en realidade. Eis o que acontece, por exemplo, coa palabra *liberdade* que se

converteu, di Todorov, no nome comercial de partidos políticos de extrema dereita, de nacionalismo segregador, excluínste e xenófobo<sup>1</sup>.

**2** Paradoxo fundacional do grupo de extrema dereita: o ultraliberalismo que impulsa o individualismo extremo en todos os eidos. O individuo xenófobo atopa o seu igual desde parámetros de inclusión segregadores, parámetros de recoñecemento que negan a posibilidade de convivencia co OUTRO, hoxe convertido no ‘inimigo’ inmigrante (connotado etnicamente). O grupo de extrema dereita está vencellado ao capitalismo, emerxe como unha saída á fenda social que instaura o ultraliberalismo.

## Desentenderse das causas do crecemento da extrema dereita é deixar a democracia en mans dos seus inimigos máis íntimos

xislativas de 2011, os *Verdadeiros Fineses* de Timo Soini acadaron o 19,1%; nos comicios cantonais de 2011, en Nord-Pas-de-Calais, a *Fronte Nacional* de Marine Le Pen gañou en 21 dos 38

cantóns e conta cun apoio do 15-20% para as vindeiras presidenciais.

b) Pola outra, debido a ese incremento electoral, os partidos de dereita deciden acoller nos seus programas políticos principios propios á extrema dereita, segregadores, excluíntes e xenófobos e, cando gobernan, converten eses principios en factores de desigualdade e discriminación. É a demostración do que Rancière chama *racismo frío*, o *racismo institucional* [na UE temos a aberrante Directiva da Vergoña, como proba; as diferentes leis de estranxeiría dos Estados Membros; normas que discriminan (coma en Alemaña onde a contratación diferencia inmigrantes non comunitarios dos demais); a existencia dos CIE's, espazos-limbo de vulneración de dereitos das persoas migrantes].

**4** No que segue describiremos só algúns casos que reflicten moi ben as dúas circunstancias enumeradas anteriormente.

4.1. Países bálticos: Estonia, Letonia, Lituania. Con pleno coñecemento e complicidade dos seus gobernos asistimos nestes países a unha revisión do seu pasado nazi, pero non con propósito de emenda, senón para eloxiar ese pasado. Homenaxes, desfiles coa esvástica de veteranos das Waffen SS, succédense nestes países, sobre todo en Estonia. O racismo, o culto ás armas e ao militarismo, o desprezo polas minorías, a xenofobia e odio a xudeus e xitanos están cada vez máis presentes<sup>2</sup>.

4.2. O 13 de marzo de 2012, o Parlamento Europeo interpelaba ao goberno holandés, que conta coa participación do xenófobo *Partido da Liberdade* (PVV), porque este partido puxera en marcha unha web na que se alenta a delación de persoas inmigrantes procedentes do leste de Europa.

4.3. Patricia Simón infórmanos que o sábado 10 de marzo de 2012 un grupo de 52 congoleses era deportado, sen garantías e con violencia, ao seu país desde Madrid, despois de 6 anos de perigosas viaxes migratorias, pasando por unha miserenta estada no CETI de Me-



Marine, presidenta da Fronte Nacional e filla de Jean-Marie Le Pen, na campaña das presidenciais francesas

lilla e despois dunha folga de fame reclamando, asilo e un trato digno<sup>3</sup>. Sinalamos tamén que as redadas racistas son unha constante nos barrios con máis presenza de persoas migrantes en España (significativas as constantes redadas racistas en Lavapiés).

4.4. Sarkozy aproveita electoralmente a persecución ás persoas migrantes. A situación en que viven estas persoas en Nord-Pas-de-Calais é inhumana. Negadas as solicitudes de asilo, agora que se achegan as eleccións presidenciais van a por elas mesmo nos centros de distribución de alimentos, onde reciben alimentos que lles facilitan organizacións non gubernamentais.

4.5. En Grecia, a crise sistémica acelerada polas políticas de intervención da Comisión Europea, favorece a aparición de grupos de ideoloxía neonazi, un deles, *Amencer Dourado* (Jrysi Avgi), podería acadar representación nas vindeiras eleccións de abril ou maio. Pero, ao igual que acontece no resto dos países europeos, o goberno acolle ese dis-

curso que ataca ao inmigrante como culpable dos males e propón a creación de 30 centros de internamento de inmigrantes ao mesmo tempo que incrementa a presión sobre as persoas migrantes en situación de irregularidade administrativa.

**5** Desentenderse das causas do crecemento dos grupos de extrema dereita significa deixar a democracia en mans dos seus inimigos máis íntimos. En nós está mudar esta realidade. Fagámolo.♦

#### Notas

[1] T. Todorov, *Los enemigos íntimos de la democracia*, Galaxia Gutenberg, 2012, recolle como exemplos: *Die Freiheit* (A Liberdade), Alemaña; *Partido Austríaco da Liberdade* (FPÖ), Austria; *Partido da Liberdade*, Holanda; *Liga do Pobo da Liberdade*, Italia; *Svoboda* (A Liberdade), Ucraína. En xeral, a extrema dereita agocha a súa faciana detrás de conceptos coma "democracia", "nacional", ou "pobo".

[2] Véxase Higinio Polo, 'Nazis en el báltico', *El Viejo Topo*, 291, abril 2012, pp. 7-11.

[3] A nova pode consultarse en <http://www.rebelion.org/noticia.php?id=146788> (25-III-2012).



# A maioría de idade da economía social



Raúl Asegurado  
Sociólogo.  
Presidente de  
'Fiare Galiza'

Apreséntase a día de hoxe como unha realidade potente neste contexto de crise capitalista, entre outras cousas por non vencellar o desenvolvemento co crecemento

Entendemos por economía social o conxunto de actividades de organizacións de produtores, consumidores, aforristas, traballadores... que operan rexidos polos principios de participación democrática, autonomía de xestión e primacía do ser humano sobre o capital. E cómpre diferenciala da economía estatal do sector público e da economía privada de natureza capitalista onde se encadraría a economía de mercado.

A economía social fai referencia a múltiples aspectos, ao interese colectivo tanto social como dos seus asociados/as, ás organizacións cooperativas, fundacións ou asociacións sen ánimo de lucro, ao terceiro sector do voluntariado, etc. Ten un encadre difuso dentro da lóxica da propiedade xa que esta é tamén participativa e comunitaria. Poderíamos vencellar a propiedade e o obxectivo de forma clásica neste cadro:

		PROPIEDAD	
		Privada	Pública
OBJECTIVO	Comercial	Empresas privadas	Empresas públicas
	Social	Emprendements sociais e empresas privadas sen fin de lucro	Administración Social

Pero en moitos casos as administracións sociais son parte de cooperati-



O proxecto 'Fiare' tamén ten presenza na Galiza

vas de obxecto social e de carácter privado, e tamén sendo sen fin de lucro teñen unha vocación comercial de proposta doutro tipo de economía creando dinámicas comerciais. Eis por isto que a economía social deslindase deste marco conceptual clásico.

Nos antecedentes terminolóxicos pode chamar a atención que o primeiro en usar o termo de *economía social* foi Ludwig Erhard, que despois sería chanceler Federal (1963-66). O 20 de xuño de 1948 os aliados da administración de finanzas de zonas británicas e estadounidenses encargáronlle en segredo unha reforma radical monetaria: nun día anulou o Reichsmark e instaurou o Deutchemark (DM). Cada alemán recibiu 60DM dúas veces e cada empresa 60DM. Así anulou a antiga moeda nun 90%, facendo desaparecer o mercado negro e o réxime de troco.

O señor Ludwig Erhard afirma que o mercado en si era social, e usar a terminoloxía de economía social de mercado era unha redundancia. Lembre-

mos que a economía social de mercado é un modelo de economía e de sociedade coa meta de crear unhas relacións en base á competencia, que combina a iniciativa libre cun progreso social asegurado pola potencia económica. Unha saída cara ao infinito de crecemento e competitividade sen atender á desigualdade nin ás agresións aos límites do planeta. Como dixemos no primeiro parágrafo, hoxe entendemos a economía social doutro xeito.

A economía social preséntase hoxe como unha realidade potente neste contexto de crise capitalista. Cuestióna á lóxica hexemónica ao non vencellar o desenvolvemento co crecemento, ao falar de que a economía ten que estar ao servizo das persoas –no senso máis amplo, comunitario e biolóxico– e aposta por un xuízo ético de todas as decisións económicas, que ao cabo son vontades persoais.

Falar pois en abstracto dos “mercados”, da necesidade de “calmar aos mercados” fica evidenciado neste contexto, os mercados son vontades persoais –físicas ou xurídicas– e deben estar suxeitos a tres cuestións: o coñecemento dos intereses últimos por parte da cidadanía no seu conxunto, a un xuízo político que teña consecuencias e, en última instancia, deben estar ao servizo do ben común e non o ben común ao servizo destes –como acontece coa última reforma laboral sen ir máis lonxe, ou nos orzamentos xerais do Estado.

### As experiencias na Galiza

Neste contexto, ten sentido facer unha pequena presentación das realidades da economía social que se están a dar na Galiza. Vou presentar os cinco eixos básicos nos que se desenvolven moitas e moi variadas experiencias de empresas, asociacións, cooperativas... no noso territorio, consciente de que poderíamos incluír máis.

**Agroecoloxía.** O enfoque da agricultura convencional busca incrementar a produción de colleitas agrícolas sen considerar as consecuencias posteriores sobre o ambiente no que se practica. Así acontece coa labranza intensiva do chan, a práctica do monocultivo, o uso indiscriminado de fertilizantes sintéticos, o control químico das pragas, o uso intensivo de auga de pozos profundos e a manipulación xenética. A agroecoloxía fai referencia á soberanía alimentar, á produción e consumo locais, á loita contra os transxénicos, á posta en valor do mundo labrego, ao respecto ao ambiente e a conservación do territorio, ao coidado dos transportes –xeitos de comercialización–, etc...

**Cooperativas de produtores, consumidores e comercio xusto.** Moitas cooperativas de produtores están inseridas no mundo da agroecoloxía, mais non só, hai cooperativas de servizos –educación, coidados...– e de bens. Mais inseridas na lóxica da economía social e non capitalista, por iso vencello estes tres conceptos nun mesmo epígrafe; xunto coas cooperativas de consumidores destinadas a abastecer as necesidades dos seus socios e socias potenciando un consumo consciente, as cooperativas –ou asociacións– de comercio xusto, que atenden fundamentalmente ás inxustizas creadas no intercambio de bens entre o norte e o sur.

**Banca Ética.** Son aqueles proxectos de intermediación financeira que ofertan os servizos bancarios habituais a persoas e organizacións que queren aten-



O comercio xusto abrangue múltiples produtos. Bonecas nunha tenda de Amarante en Compostela

der ás consecuencias sociais da actividade de crédito que se desenvolve cos seus cartos, e que reclaman que a dita actividade se oriente exclusivamente a aqueles proxectos que contribúan á rexeneración das nosas sociedades. Os

### Moitas cooperativas de produtores están inseridas no mundo da agroecoloxía, mais tamén hai cooperativas de bens e servizos

proxectos de banca ética son propostas de reocupación da esfera pública por parte de persoas e organizacións que reclaman o seu dereito –e recoñecen o seu deber– de artellar sistemas de intermediación de acordo cunha lóxica alternativa á propia do neoliberalismo. Tamén é certo que dentro da Banca Ética existen realidades que non son constitutivas dunha resposta integral ás necesidades da cidadanía, senón que atenden a realidades máis concretas, como as asociacións de aforro de proximidade e concesión de microcréditos –nivel

*micro* da banca ética–, e as redes entre cooperativas que atenden ás necesidades de financiación das súas socias –nivel *meso* de banca ética.

**Empresas de inserción.** Son empresas que realizan actividades económicas de produción de bens e servizos, mais que o seu obxecto social ten como fin a integración e formación sociolaboral de persoas en situación de exclusión social. De tal xeito, aténdese ás circunstancias orixinarias da realidade social –de inxustiza– e potenciase o valor das condicións materiais da existencia da cidadanía sexa cal sexa a súa condición. Atendendo a procesos personalizados e asistidos de traballo remunerado, formación no posto de traballo, habituación laboral e social, etc.

**Redes de troco, moedas complementarias e bancos de tempo.** Son experiencias reais que se están a dar nas nosas sociedades, que asocian os principios da economía social para abastecer as necesidades materiais, que afondan na concienciación do uso e do consumo dos bens, que permiten intercambio de saberes e servizos e que artellan mecanismos de sociabilización dunha conciencia crítica e solidaria. •



# Global surfing



**Raimundo Viejo Viñas**  
Professor de Ciências Políticas, Univ. de Girona

O 15 de Maio do ano passado tivo lugar a mutaçom definitiva no repertório de açom colectiva que inaugura umha fase alcista, sinérgica e empoderadora

**A** pós o longo periodo de crise, auto-inquérito e experimentaçom iniciado polo movimento o 15F de 2003 –ciclo de loitas contra a Guerra em Iraq–, um ciclo de ruptura chegou à península ibérica procedente da Praça Tahrir. Com efeito, o 15 de Maio do ano passado tivo lugar a mutaçom definitiva no repertório de açom colectiva que inaugura umha fase alcista, sinérgica e empoderadora. Podemos afirmar sem hesitar: umha nova vaga de mobilizaçons global está em curso.

## Experimentaçom e cambio repertorial

Em tanto que agência política, o movimento opera graças a umha permanente recombinaçom de repertórios modulares da açom colectiva instanciados na desobediência civil. Mesmo se a política de movimento remata sendo institucionalizada –no simbólico, como no 1 de Maio ou o 8 de Março; no institucional, ao jeito da açom social concertada e os modelos corporativos ou das instituiçons e políticas de género; etc.–, nas suas origes sempre há um acto de desobediência civil. Assi o provam, de feito, os acontecimientos que lembram datas como as que se commemoram quando a política de movimento acaba sendo institucionalizada.

Os repertórios modulares da açom colectiva, pola sua banda, nom som outra cousa que práticas comuns conhecidas por adiantado polas redes activis-



tas que as ponhem em marcha co galho de desafiar ao mando. Mas, ao tempo, estes repertórios som igualmente

## Um ciclo de ruptura chegou à península ibérica procedente da Praça Tahrir

modificáveis segundo as esigências tácticas do momento, operando quando assi fôr como agenciamentos políticos de primeira magnitude. O acerto político de um gesto activista quaisquer consiste,

precissamente, em atinar coa mutaçom que num momento determinado acada o valor expressivo de umha vontade de agir em e no comum. Todo isto, que bem puider semelhar umha language tam abstracta que se diria irreal, foi embora o que se passou o 15M. Um gesto –o de acampar nas praças– facilitou a mutaçom repertorial transnacional que projectou o movimento para além da habitual manifestaçom –a convocada por Democracia Real Ya! (DRY)– inaugurando com isto a fase alcista actual da vaga de mobilizaçons. Por se isto nom fôr suficiente, este projectar-se para além do velho repertório atopou na convocatória de Occupy Wall Street umha potentíssima prolongaçom.



Dezenas de milhares de pessoas chegaram à Puerta del Sol e seus arredores, apesar da proibição, em jornada de reflexão o 21 de maio

### Discontinuidade e horizonte constituinte

Neste último ano, já que logo, o repertório globalizou-se mutando de jeito transnacional numha vaga que, qual espectro de Marx, percorre o mundo transformando-se e adaptando-se às condições de luta social prefiguradas pelos distintos mandos estatais. Tal é, de feito, a discontinuidade repertorial mais destacada da vaga em curso. A diferença do repertório altermundialista, de feito, o repertório dos ciclos que se estão a desenvolver deixa em evidência umha estratégia combinada de des(re)territorialização deliberativa nas redes e (re)territorialização operativa nas praças e ruas. Trata-se de um incessante ir e vir da rede à praça e de esta de volta à rede que configura um espaço deliberativo híbrido virtual/corporal no que a condição ciborg das subjectividades pós-fordistas institue umha complexa maquinaria deliberativa, autónoma das dinâmicas da tradicional “opiniom pública” (*Öffentlichkeit*). Mas ao tempo que o repertório actual confire um pulo anova-

do ao movimento, fai-no de um jeito rupturista, inequívocamente instalado no horizonte constituinte que anuncia o esgotamento dos régimes políticos através dos quais se está a desenvolver. Ali onde a vaga altermundialis-

## O berro “nom nos representam” vindica umha democracia que se diz ‘real’ em inequívoca crítica à democracia existente

ta fracassou numha dependência heterónoma da agenda política das agências imperiais, a vaga global em curso progressa por saber lêr as condições locais e subvertir o mando de jeito radical e anovadamente democratizador. Se algo marca a diferença entre esta vaga e a que a precedeu, isto é a sua autonomia, a intensidade com que se

estão a produzir os processos de subjectivação antagonista que rompem coa obediência ao mando.

Nom por nada nas ruas berra-se um “nom nos representam” que vindica umha democracia que se diz “real” em inequívoca crítica à democracia realmente existente. Neste senso, a abertura de um cenário inédito de lutas sociais que aponta ao regime tres décadas depois nom se fai, contrariamente à mitologia fundacional do próprio regime, como assalto desde os extremos antidemocráticos esquerdo ou direito, embora desde a radicalização democrática que comporta a contra-posição do 99% ao 1%. É um giro este que se despraça discursivamente do eixo esquerda-direita ao eixo acima-abaxo, que se move fóra do regime na procura de umha constituição outra: a do regime político do comum.

### O 15M após o 15M: ciclo da greve geral e #12M15M

O ciclo do 15M propriamente dito rematou o 20N, isto é, declinou como processo concreto de mobilização ligado



à estrutura de oportunidade política que, aberta coas eleições municipais e autonómicas, tentou de influir num giro da política económica de Zapatero antes de rematar nas eleições gerais do 20N. Esgotado este processo, mas graças ao salto qualitativo e quantitativo experimentado polas redes activistas e sociais, o 15M está a mutar no marco de umha legislatura marcada polos excessos deconstituintes das duas grandes maquinárias de partido –modificação no verao da Constituição de 1978. A recombinação do 15M, projectada em diversos vectores sectoriais –universidades, centros de saúde, etc.– que operam como tentáculos de umha maquinaria metropolitana conjunta, a-cêntrica, federativa, simbiótica e “des-” e “re-” territorializante, atravessa o actual ciclo da greve geral transversalizando experiências que agromaram num novo ciclo projectivo.

Neste senso, a greve geral constitue, ao igual que a greve do 29S, um momento de tensom intrahegemónica no corpo social entre as velhas formas repertoriais do movimento e as novas práticas de uns sujeitos expostos aos processos de subjectivação antagonista resultantes da escissom constituinte que se operou no 15M. Nom há síntoma mais claro da rutura interna e obsolescência da hegemonia interna ao trabalho da figura do asalariado,



masculino, fixo, com papeis, etc., que o auto-inquérito que levam a cabo as múltiplas subjectividades integrantes do precariado metropolitano. “Qual é a tua greve?” preguntam-se nas redes sociais. Ou também: “Qual é a greve de quem nom pode fazer greve?”.

Assi as cousas queda por ver até onde chega a vontade do mando por conservar os aparelhos do régime en vigor –o sinclismo dos Pactos da Moncloa, a acção social convertada, etc.– e até onde tem progressado, de facto, a transição à cleptocracia que se vai impondo passeninho mas irrefreavelmente. De proseguir a tendência, nos vindeiros meses e mesmo anos, assistiremos à emergência de cenários inéditos por ruturistas e constituintes. Tres possíveis desenvolvimentos apresentam-se assi no momento actual: 1) a heteronomia do capital, 2) o mando populista e 3) a autonomia do movimento.

A heteronomia do capital tem progressado já enormemente em Itália e Grécia, onde na actualidade governos tecnocráticos ao serviço do mando europeu estão a operar como poderes delegados do que Franco Berardi tem qualificado como totalitarismo algorítmico, em alusom aos automatismos especulativos fora de control que rigem os mercados financeiros subsumido as velhas estruturas soberanas. Sem dúvida umha nova forma de

autocrácia que progressa a passos acelerados nom sem certas resistências dos Estados nacionais.

O mando populista é a resposta de estes últimos ao avance das mutações semiocapitalistas. Perante as transferências imparáveis de soberania que se estão a operar ao nível europeu e global desde fai anos, os Estados nacionais resistem-se, mesmo se de jeito negociado e intermediário, à perda das suas capacidades de control biopolítico sobre as populações. A composição híbrida do governo de Mariano Rajoy neste mesmo senso, integrando a um tempo membros da clep-

## O objectivo: aproveitar a crise que inflinge ao público estatal a mercantilização para instaurar o régime político do comum

tocracia tecno-financeira cos aparelhos estatais, pom de manifesto a tentativa última por manter certo marge de gestom no entanto os desenhos institucionais vam cambiando –assi a reforma constitucional do verao.

Por último, a autonomia do movimento emerge neste momento como esperança do 99%. A vaga global que começou no Norde de África e deu o salto trasatlântico a Wall Street passando polo 15M, reflecte o próprio progresso da autonomia de um corpo social multitudinário. As novas instituições que se estão a formar ao abeiro das ágoras constituintes do 15M devem acelerar a cooperação federativa e promover a sua simbiose no seo do movimento. O objectivo é claro: aproveitar a crise que inflinge ao público estatal a mercantilização para instaurar o régime político do comum. A nós de intervir neste contexto modificando as relações de forças e favorecendo a autonomia do social. •







# Dinámicas contraditorias para a Primavera árabe



**Roberto Mansilla**  
Analista do IGADI

polo miúdo

Dende o exterior, a Primavera árabe certificou o fracaso occidental á hora de identificar unha relación fluída cun mundo árabe que demanda a súa lexítima modernización política e cultural

SHINEYOURLIGHT



Manifestación en protesta polos mortos na revolta exipcia (Suez, Exipto, Febreiro de 2011)

*"Pecamos de optimistas. La victoria de islamistas en Túnez y Egipto demuestra la irresponsabilidad y el exceso de optimismo por el deseo de ver revoluciones laicas"* [Gustavo de Arístegui, diplomático e ex deputado do PP]

A frase que abre esta análise non reflicte, necesariamente, unha radiografía global e certa sobre a imprevisible dinámica de cambios que actualmente acontece no mundo árabe. Obviamente, as "revolucións" que durante o 2011 aconteceron dende Tunisia ata lemen marcan unha ruptura clara cunha cultura política imperante, alterando un mapa xeopolítico no que o

escritor Juan Goytisolo non dubidou en cualificar como que, no mundo árabe, "ya nada será como antes".

Non obstante, a perspectiva 2012 obriga a considerar o peso da realidade nas ata aparentemente anquilosadas sociedades árabes, así como nas súas relacións con Occidente e, incluso, sobre o momento que vive o propio Estado de Israel. Mentres o Magreb busca transformar, baixo diversas dinámicas, o seu sistema político a través dunha maior participación social –parcialmente "domesticada" nos casos de Marrocos e Alxeria–, a mecánica bélica segue a alterar o panorama no Mashrek,

en especial ante a perspectiva dunha operación militar entre Israel e Irán e o cruento conflito interno en Siria.

A perpetuación do apoio occidental cara as autocracias de Ben Alí en Tunisia ou Mubarak en Exipto deu paso a unha revolución popular que está dando paso ao fortalecemento dos movementos islamitas, "satanizados" e perseguidos polos aliados occidentais dentro do mundo árabe pero que, ao tempo, eríxense agora como os únicos actores con capacidade de mobilización social e política para vertebrar uns cambios a todas luces inevitables.

Un escenario que, como ilustra a cita de De Arístegui, revela a cada vez mais evidente escasa capacidade de visión occidental no mundo árabe actual e a súa decepción por ver substituídos os seus antigos e autócratas aliados –Ben Alí, Mubarak– con novos actores politicamente incómodos pero cuxa lexitimidade se fortalece a través de procesos democráticos. Con isto, Occidente afianza os seus contrastes amparando o inmovilismo con trazos de represión política en nas "petromonarquías" do Golfo Pérsico e Marrocos, tanto como dilúe calquera posibilidade de intervención en Siria, a diferenza do sucedido en Libia. Así, EUA e Europa revelan esa miopía política amparada por un "dobre rasero" que, a todas luces, ilustra o seu fracaso no mundo árabe.

Altermundo

Por tanto, a incomodidade occidental ante a *Primavera* árabe explícase pola súa falta de previsibilidade e de incapacidade para vertebrar unha política global de achegamento equitativo cara a un mundo árabe cambiante. Esta nova realidade obrigará a Occidente a revi-

## O 'malestar árabe' explícase pola perpetuación de réximes autocráticos con escasa apertura política e por un agudo deterioro económico

sar o seu discurso e os seus postulados tradicionais, en especial no relativo á relación entre Islam e Democracia, factor clave para explicar o que actualmente está a acontecer dende o Magreb ata o Golfo Pérsico.

### Democracia en medio de contrastes

Como explican Ignacio Gutiérrez de Terán e Ignacio Álvarez-Ossorio no seu balance das revoltas árabes<sup>1</sup>, o "malestar árabe" ten múltiples facianas non só explicadas pola perpetuación de réximes autocráticos con escasa apertura

GEOFFREY DORNE POUR JAFFICHE.FR



política senón por un "agudo deterioro económico" rexistrado nas derradeiras décadas. Isto derivase ante a incapacidade estatal para responder ás demandas socioeconómicas emanadas do boom demográfico –con especial atención en materia de inserción laboral<sup>2</sup>– nunhas sociedades identificadas pola elevada preponderancia dunha mocidade "modernizada" no aspecto cibernético pero "atomizada" en canto as súas perspectivas e demandas políticas, culturais e socioeconómicas.

Esta radiografía explica, a grandes rasgos, o porqué do espallamento das revoltas árabes. Outros autores<sup>3</sup> exemplifican a actual revolución árabe con procesos históricos similares de rebelión popular, como os acontecidos na Europa reaccionaria de 1848 ou trala caída dos "socialismos reais" de 1989. Contestando e desfasando a tradicional e preponderante visión occidental sobre o aparente immobilismo da "rúa árabe", a *Primavera* de 2011 activou unha histórica rebelión popular contra unha estrutura política anquilosada e inmóbil e un sistema económico imperante durante décadas, e que afondou as desigualdades sociais.

Tanto nos casos de Tunisia como de Exipto, ou en Libia, Iemen e mesmo Siria, hai similitudes mais tamén importantes diferenzas e retos. Tunisia, o berce da *Primavera* árabe de 2011, amplía un importante proceso de transición democrática post-Ben Alí co total concurso das elites e da institucionalidade estatal, se ben persisten incertezas e temores ante o programa político do movemento *Ennahda*, en especial en materia relixiosa e de xénero. En todo caso, a sociedade tunisiana está amosando un exemplar proceso de transición que debe servir de referencia para o resto do mundo árabe e para Occidente.

Pola súa banda, o prolongado proceso electoral exipcio, non exento de certos rebotes de violencia sectaria política e confesional, caracteriza os temores sobre unha radicalización destas revoltas e transicións. Tradicional líder do



## E xa van catro

Desde o punto de vista do poder, a *Primavera* árabe xa cobrou catro vítimas políticas, traducidas nas caídas presidenciais de Ben Alí en Tunisia, Hosni Mubarak en Exipto, Muammar al Gaddafi en Libia –cobrando incluso a súa propia vida– e Abdullah Saleh en Iemen. A atención actualmente está enfocada en observar ata qué punto é posible que o presidente sirio Bashar al Asad siga o mesmo camiño. A cambio, as eleccións lexislativas de novembro pasado en Tunisia e o prolongado proceso electoral constituínte que actualmente se observa en Exipto, ilustra o ascenso electoral e político dun actor ata agora marginalizado da escena política árabe, como son os casos dos movementos islamitas, nestes casos o tunisiano partido *Ennahda* (Renaecemento), a influente Irmandade Musulmá exipcia, con conexións noutros países árabes, e o improvisado movemento exipcio Al-Nour, de tendencia mais radical e salafista.

mundo árabe e irrestrito aliado xeopolítico e militar de Occidente e Israel, o Exipto post-Mubarak da conta dun escenario onde o preponderante "pretorianismo" militar emanado da república "nasserista" laica e panarabista, contrasta co avance electoral e político dunha *Irmandade Musulmá* que tenta ascender socialmente como un partido moderno

e progresista, similar ao Partido da Xustiza e do Desenvolvemento (AKP) actualmente gobernante en Turquía. Por tanto, un tenso pulso enfocado na configuración dun novo modelo político e constitucional no que igualmente intervéñen diversos actores laicos que xa tiveron un papel clave na caída de Mubarak en febreiro de 2011.

Precisamente, a referencia do AKP turco ilustra a tentativa de confeccionar mudanzas na xeopolítica rexional a través dun improvisado e non menos incerto achegamento turco-exipcio, incluso con perspectivas económicas e militares, que ironicamente intensifica o illamento de Israel dentro do novo mundo árabe, radiografía tamén ampliada de cara a EUA e Europa. O exemplo do “islamismo democrático e laico” do AKP turco permite igualmente expandirse nos movementos islamitas no Magreb e no Mashrek, perspectiva que identifica porqué Turquía semella ser un actor clave na nova xeopolítica rexional e un beneficiado indirecto da *Primavera árabe*.

A dinámica de cambios en Tunisia e Exipto contrasta co inmovilismo das elites de Marrocos e Alxeria, aínda que este último país celebrará eleccións lexislativas este abril que poden consolidar aos movementos islamitas locais, acabando coa hexemonía da Fronte de Liberación Nacional. Pola súa banda, a cosmética reforma constitucional marroquí, lexitimada a través dun referendo popular celebrado en xullo pasado, atomiza calquera dinámica de cambios que supuxeran unha contestación popular contra a autoridade monárquica alauíta, a pesar de que o islamita Partido da Xustiza e do Desenvolvemento gañou en novembro pasado, por maioría simple, as eleccións lexislativas.

Deste xeito, o cosmético e “gatopardiano” reformismo marroquí constitúese na referencia clave para outras monarquías árabes como Xordania, Arabia Saudita, Bahrein, Kuwait e Emiratos Árabes Unidos, temerosos do espallamento da rebelión popular en escenarios importantes para os intereses ener-



Unha muller exipcia escoita a nova da renuncia de Mubarak na praza de Tahrir

xéticos e comerciais occidentais. Este reformismo inobilista con trazos de atroz represión oficial, como aconteceu en Bahrein en febreiro de 2011 con

## Os movementos islamitas afrontarán un necesario debate público e plural sobre a relación entre Islam e Democracia

apoyo militar saudita e tacitamente occidental, serviría de efecto aleccionador ante calquera demanda de democratización nesas sociedades.

Pola súa banda, os movementos islamitas afrontarán un necesario debate público e plural sobre a relación entre

Islam e Democracia, principalmente pola persistencia de actores laicos igualmente importantes a pesar de que as urnas reflectan a preferencia electoral polos islamitas. Aquí é onde a referencia do AKP turco ampliado nos diversos contextos nacionais, será un elemento a tomar en conta. Pero como sucede ante calquera transición política, os cambios poden traer escenarios de incerteza e volatilidade, un aspecto preocupante en sociedades con escasa cultura política progresista, con fortes desigualdades socioeconómicas e de xénero. O pulso entre o laicismo, Islam e democracia seguirá sendo a clave que identifique cara onde vai o novo mundo árabe.

### Cambios, conflitos e guerras

En marzo de 2011, trala aceptación por parte do Consello de Seguridade da ONU da apertura dun espazo aéreo en Libia a fin de prover de capacidade lo-

xística aos rebeldes que loitaban contra as forzas de Gadafi, a comunmente denominada “comunidade internacional” adoptou por vez primeira o polémico concepto da *Responsabilidade de Protexer*. Un concepto que, ironicamente, non foi reproducido nese momento ante a represión das elites sunnitas en Bahrein contra a maioritaria comunidade xiíta, ou actualmente dentro do drama interno que vive Siria.

Libia foi, por tanto, a primeira “pedra de toque” de Occidente para tentar nivelar e equilibrar a *Primavera árabe* a favor dos seus intereses. Como sucedera co Iraq de Saddam Hussein entre 1991 e 2003, a caída de Gadafi constituíu unha importancia capital para Occidente que servirá de referencia a outros autócratas incómodos, como o sirio al Asad ou o réxime iraniano, pero que ao tempo amortecerá o efecto das caídas de autócratas beneficiados por Occidente, como Mubarak e Ben Alí.

Pero a Libia post-Gadafi revela igualmente os temores sobre a desestabilización e posibles fracturas políticas e territoriais inseridas no complexo mundo árabe, un exemplo que pode repro-

## Libia foi a primeira 'pedra de toque' de Occidente para tentar equilibrar a Primavera árabe a favor dos seus intereses

ducirse na Siria actual. A complexa amálgama de actores involucrados no actualmente gobernante Consello Libio de Transición podería dar curso a unha división nacional en dúas entidades –Cirenaica e Tripolitania– onde o factor enerxético libio está en xogo para os intereses europeos e estadounidenses.

Pola contra, e aleccionados polo errático exemplo libio, Rusia e China afrontaron na actual crise siria unha frontal



As revoltas árabes recibiron a solidariedade de medio mundo (Trafalgar Square, Londres, 2011)

ruptura co eixe “atlantista” –EUA, Gran Bretaña e Francia– no Consello de Seguridade da ONU, tentando non reproducir en Siria –aliado militar e comercial de Moscova e Pequín– un escenario similar ao libio. Con todo, o contexto sirio actual semella mais ben reproducir os efectos da guerra civil libanesa acontecida entre 1975 e 1990.

Restan por observar dous actores clave: Israel e Irán, ambos actualmente en estado de máxima alerta ante unha posible guerra en Oriente Próximo polo programa nuclear iraniano. Incapaz de predicir o alcance da *Primavera árabe*, Israel acelera o seu illamento rexional, incluso observando a sensible e aparente perda de aliados xeopolíticos como Turquía e Exipto, e certa sensación de distanciamento por parte dunha administración Obama moito mais pendente das eleccións presidenciais de novembro próximo. Aínda que potenciando o seu poderoso estamento militar, en especial de cara a Irán, Israel pode, por tanto, ser unha “víctima indirecta” das mudanzas no mundo árabe.

Finalmente, a presión occidental e israelí cara a Irán pode determinar a atomización das demandas de apertura política e democrática espalladas tralo po-

lémico proceso electoral de xuño de 2009 que permitiu a reelección presidencial dun Mahmud Ahmadineyad actualmente caído en desgraza política. Este contexto fortalece o poder da Garda Revolucionaria Islamita e a posible configuración dun pretorianismo militar dentro da República teocrática. Este factor explicaría porqué aparentemente Irán aparece inmóbil ante a *Primavera árabe*.

A diversidade de cambios no complexo contexto das sociedades árabes seguirá sendo un factor imprescindible dentro das mudanzas da política internacional para os vindeiros anos. Pero a realidade de 2012 supera o apresurado e errático “optimismo” prooccidental manifestado, por exemplo, por De Arístegui. Cómpre, xa que logo, aceptar como máxima a reveladora sentenza de Goytisolo de que, no mundo árabe, “xa nada será como antes”.•

### Notas

[1] Gutiérrez de Terán, Ignacio e Álvarez-Ossorio, Ignacio (ed), *Informe sobre las revueltas árabes*, Ediciones del Oriente y del Mediterráneo, Madrid, novembro de 2011.

[2] *Ibid.*

[3] Ver o artigo de DAVIS, Mike, “La Primavera encara el invierno”, *New Left Review* en español, Nº 72, xaneiro/febreiro 2012.



# Gramsci en galego



Alfredo Iglesias Diéguez  
Profesor de Ciencias Sociais

No ano 1914 Antonio Gramsci (1891-1937), publica o seu primeiro artigo no xornal turinés *Il Grido del Popolo*, que chegaría a dirixir apenas catro anos máis tarde. O título desa primeira contribución

—non podía ser menos no contexto político militar no que vivía o mundo—, era:

“Neutralidade activa e operante”, co que tenta explicar a posición que sostivera Mussolini nun artigo publicado no xornal *Avanti* un mes antes e no que formula unha tese que nese momento está a agromar en certos sectores da socialdemocracia europea: a ala internacionalista. Esa tese, que se pode enunciar do seguinte xeito: fagamos da guerra interimperialista —a



I Guerra Mundial (1914-1918)—, unha guerra de clases entre o proletariado internacional e a burguesía que prepare a revolución, a conquista do poder político pola clase traballadora, foi a que se defendeu en Zimmerwald —a conferencia dos internacionalistas opostos á guerra—..., foi, en definitiva, a tese da socialdemocracia revolucionaria.

Os anos que seguiron ao inicio da guerra, un período que se podería situar entre o ano 1914 e o 1921, foron dunha intensa actividade revolucionaria en toda Europa e, en xeral, en todo o mundo: amotinamentos dos soldados nas fronteiras, folgas en Alemaña,

Francia, España..., triunfo da revolución bolchevique en Rusia, revolución espartaquista alemá, Bienio Rosso italiano... Eses anos, non podía ser menos, significaron a bancarrota da II Internacional debido ás posturas socialchauvistas que adoptou a dirixencia da socialdemocracia nos anos anteriores á guerra e o agromar dunha nova estratexia internacionalista proletaria e revolucionaria, na que salientaron —tanto polo seu compromiso político como


polo seu traballo teórico—, persoeiros como Lenin, Rosa Luxemburgo, Trotski, Alexandra Kollontai, Clara Zetkin e, por suposto, Gramsci.

A esa vaga revolucionaria, certamente, seguiuille unha violencia contrarrevolucionaria que supuxo o triunfo de réximes fascistas ao servizo dos intereses da burguesía en Italia (Mussolini), España (Primo de Rive-

ra)... Nese novo contexto político, Gramsci foi un dos poucos teóricos superviventes da barbarie fascista que deu artellado un pensamento político e unha filosofía da praxe coa que construíu unha alternativa política, como se recolle nos seus *Cadernos do cárcere*, escritos entre 1929 e 1935, nos que expón algúns conceptos fundamentais —como o concepto de hexemonía—, para artellar unha estratexia política revolucionaria nestes momentos de crise.

Velaí a razón pola que cómpre felicitar á editorial Laiovento polo seu proxecto de publicación da obra de Antonio Gramsci en galego.♦

## Chega o final do crecemento



Os países industrializados creceron case todos os anos dende mediados do século XIX. A nivel mundial, a produción económica por persoa multiplicouse por dez entre 1900 e 2000.

Destes datos parte Richard Heinberg no seu libro *The End of Growth: Adapting to Our New Economic Reality*. (New Society Publishers, 2011), afirmando que este longo ciclo de crecemento está rematando por mor duns factores: o esgotamento dos combustíbeis fósiles, minerais e auga doce; o aumento do custo dos accidentes industriais e desastres ambientais a raíz do cambio climático; e as convulsións financeiras provocadas pola incapacidade do sistema para xestionar “as enormes moreas de débeda pública e privada” xeradas nos últimos decenios. Especial fincapé fai no esgotamento dos recursos esenciais: “un só factor... o petróleo, pode xogar un papel clave en levar a era da expansión ao seu fin.” E rexeita a *falsa solución* das novas tecnoloxías: “A capacidade humana para inventar novas actividades é limitada e a maioría dos inventos recentes consistiron en atopar formas de acelerar as actividades que estivemos a facer durante décadas.”♦

pensamentos

Altermundo



# Río+20, cumio dos pobos polo planeta

Vinte anos despois do Cumio da Terra Río de Xaneiro, a ONU quiere recuncar na procura dun mundo máis sustentábel. Porén, o balance dende 1992 só ten unha definición: fracaso. Fronte o cumio oficial, os pobos tomarán a palabra

**E**ntre o 15 e 23 de xuño terá lugar no Aterro do Flamengo, en Río de Xaneiro, o Cumio dos Pobos Río+20 pola Xustiza Social e Ambiental. A sociedade civil global, organizacións, colectivos e movementos, proporán unha nova forma de vida no planeta, en contra da mercantilización da natureza e en defensa dos bens comúns.

O Cumio terá lugar en paralelo á Conferencia das Nacións Unidas sobre o Desenvolvemento Sustentábel, Río+20. A xuntanza oficial marca o vixésimo aniversario da Conferencia da ONU sobre o Medio Ambiente e Desenvolvemento (Río '92). Nestas dúas décadas, a falta de acción para superar a inxustiza social frustrou as expectativas do ambiente e desacreditou á ONU. A axenda prevista para Río+20, a chamada "economía verde", é totalmente insatisfactoria, pois obvia que a crise do planeta está causada polos modelos de produción e consumo capitalista.

Para facer fronte aos desafíos da crise sistémica, o Cumio dos Pobos non só será un grande evento. Trátase dun proceso histórico de acumulación e converxencia das loitas locais, rexionais e mundiais, que ten como marco político a loita anticapitalista, clasista e antirracista, antipatriarcal e antihomofóbica.



Quere, xa que logo, transformar Río+20 nun momento de oportunidade para facer fronte aos graves problemas que enfrenta a humanidade e demostrar o poder político do pobo organizado. "Imos reinventar o mundo" é a súa vocación e o seu chamamento á participación dos movementos sociais do mundo. A convocatoria fíxose no Foro Social Temático o 28 de xaneiro en Porto Alegre, que serviu de preparación dun Cumio que se argallou xa no Foro Social Mundial de Dakar, en 2011.

O comité Facilitador da Sociedade Civil para a Río+20 (CFSC) está a preparar o deseño do Cumio dos Pobos e do territorio que ocupará. Estará orga-

nizado en grupos de discusión autoxestionados, nunha Asemblea Permanente dos Pobos e nun espazo para que organizacións e movementos expoñan, practiquen e dialoguen coa sociedade das súas experiencias e proxectos.

A Asemblea Permanente dos Pobos –o principal foro político do Cumio– vaixe organizar ao redor de tres eixos –análise, solucións e mobilizacións– e debaterá as causas estruturais da actual crise civilizatoria, sen fragmentala en crises específicas –enerxética, financeira, ambiental, alimentar. Nos días 15 e 16 de xuño desenvolveranse actividades organizadas polos movementos sociais locais que están en loita permanente de resistencia aos impactos das grandes obras. O territorio do Cumio estará organizado de forma libre da presenza corporativa e con base na economía solidaria, agroecoloxía, culturas dixitais, accións de comunidades indíxenas e comunidades remanecientes (Quilombolas).•

#### + INFO

Xa se poden **inscribir actividades** (até mediados de maio) en: <http://cupuladospovos.org.br>  
**Portal Río+20** (sociedade civil), construíndo o cumio dos pobos: <http://rio20.net>  
**Cumio Oficial** (ONU): <http://www.unccd2012.org>

**Altermundo** | Suplemento Horizontal, publícase cada dous meses coa revista **Tempos Novos** | [www.altermundo.org](http://www.altermundo.org) | **Consello Editorial:** ALFREDO IGLESIAS, ANA MIRANDA, ANTON FENTE, ANTÓN GÓMEZ-REINO, CÂNDIDO GRZYBOWSKI, CARLOS TAIBO, CARME CARBALLO, DAVID RODRÍGUEZ, IMANOL DORCA, LUPE CES, MANUEL CASAL, MARGA TOJO, MIGUEL ANXO FERNÁN VELLO, RAÚL ASEGURADO, REBECA FERNÁNDEZ, ROBERTO MANSILLA, XABIER MACÍAS, XABIER RON, XAVIER SIMÓN, XOÁN HERMIDA, XOÁN R. DOLDÁN, JOSÉ MANUEL BEIRAS | **Coordinador:** MANOEL SANTOS | Teléfono: +34 686 021 933 | Se queres colaborar escribe a [tempos@altermundo.org](mailto:tempos@altermundo.org)